




# Estadía en Oslo

(Noruega)

Curso 2024-2025

## DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Consiste nun intercambio escolar entre alumnado de 1º e 2º de bacharelato de catro centros de secundaria de Noruega (tres en Oslo e un en Akershus) e tres centros de Santiago de Compostela e un de Ames. O **IES Antonio Fraguas** foi seleccionado novamente para participar, con 4 prazas para alumnado de 1º BAC. A actividade está subencionada e organizada pola Consellaría de Educación, e conta coa colaboración da USC.



O IES Antonio Fraguas realizará o intercambio escolar co centro **Foss Upper Secondary**, repetindo a experiencia iniciada no curso 2019-2020.

O alumnado galego realizará unha estadía de **tres semanas en Oslo** durante o mes de setembro de 2024 (saída estimada o día 03/09/2024), aloxándose no domicilio da familia correspondente de Oslo, que se ocupará da súa manutención. O alumnado noruegués pasará **tres semanas en Santiago** nos meses de xaneiro e febreiro (chegada estimada o día 20/01/2025), con aloxamento e manutención a cargo da familia receptora.



Durante a estadía no país estranxeiro, o alumnado acudirá ao centro educativo no mesmo réxime que o alumnado do país receptor, **asistindo ás clases que a organización dos centros determine**. Asimesmo, disporá de tempo e dun espazo no centro para realizar as tarefas on-line que o seu profesorado lle encomende desde aquí a través da Aula Virtual.

Os desprazamentos de ida e volta realizaranse en grupo e acompañados por persoal da Consellaría de Educación.

# REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

- Cursar 4º ESO no IES Antonio Fraguas durante o curso 2023-2024, e cursar 1º de Bacharelato no noso centro durante o vindeiro curso 2024-2025 .
- Ter espazo no domicilio e comprometerse ao aloxamento e manutención do/a alumno/a noruegués nunha habitación de uso individual durante tres semanas. Durante o período de visita do alumnado noruegués o alumnado participante do noso centro non poderá participar en actividades extraescolares do instituto que impliquen non poder cumprir coa responsabilidade de anfitrión ou anfitrío (saídas de varios días organizadas polo instituto).
- Ter disposición para viaxar a Oslo (Noruega) nun periodo de tres semanas en setembro de 2024, e a aloxarse no domicilio da familia receptora e adaptarse ao tipo de vida en Oslo, asistindo ás clases acordadas no instituto receptor e ás actividades que se organicen.

**PRAZAS:** O total de prazas para o intercambio durante o curso 2023-2024 é CATRO (4)

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** No caso de contar con máis solicitudes que prazas, adxudicaranse aos mellores expedientes académicos da ESO.

Procurarase coincidir o xénero do alumnado participante no intercambio recíproco, pero sen poder garantir esta condición antes da aceptación da praza adxudicada.

**GASTOS:** A actividade está financiada pola Consellaría de Educación, que cubrirá o custo total dos desprazamentos do alumnado e persoas acompañante nas viaxes. A estadía en destino será no domicilio da familia receptora e a cargo desta.

**PRAZO:** As solicitudes poden presentarse na secretaría do centro **ata o 3 de xullo**. A solicitude implica a aceptación das presentes bases de participación.

Eu, \_\_\_\_\_, pai/nai do/a alumno/a do IES Antonio Fraguas \_\_\_\_\_ solicito a participación do/a meu/miña fillo/a no proceso de selección para a Estadía en Oslo, conforme ao establecido neste documento, aceptando as bases de participación expostas no mesmo. No caso de resultar seleccionado/a, autorizo a viaxe do/a meu/miña fillo/a a Oslo, no periodo de setembro que se determine finalmente, e comprométome a aloxar e manter ao correspondente alumno/a noruegués durante tres semanas nas datas de xaneiro e febreiro que finalmente se determinen.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de xullo de 2024

Aso: \_\_\_\_\_